

OUVEOS



Escrito e interpretado por
Fátima Delgado



Sinopse

Poesía performativa. *Bailar co demo. Salvar o horror con rosas frescas. Saír do teu corpo. Apocalipse social. Descortizar unha árbore. Un billete de lotería. Construír a Arca de Noé. Obsolescencia vital. Vender un novo mundo. Adestrar o esquecemento. Botar lume pola boca. A cidade é un purgatorio.*

A muller ábrelle a porta á besta.

Unha cerva esperta ferida (coma no cadro de Frida Kahlo). Está nun sitio desolador: un descampado onde a ferruxe e a chatarra conviven co po e as flores.

Nunha época de desesperanza, a CERVA/muller intenta falarnos, contar a súa historia a través da poesía. Esta criatura híbrida convértese durante todo o percorrido do espectáculo nun cyborg da era neoliberal. Utilizará a palabra e as flores como únicas armas. Rosas, que simbolizan a vida e o amor. Porque o amor é o único que pode salvala.

O espectáculo

-ESTREA ABSOLUTA-

No produzcas. Cambia de sexo. Conviértete en el maestro de tu profesor. Tórnate el estudiante de tu alumno. Sé el amo de tu jefe. Sé la mascota de tu perro. Todo lo que camina sobre dos pies es un enemigo. (...) Valora lo que otros consideran inútil. Admira lo que otros consideren feo. Busca ser imperceptible, no ser representado. Ningún animal dormirá en una cama construida industrialmente.

PAUL B. PRECIADO

A posta en escena e a dramaturxia de *Ouveos* parte do poemario homónimo. Trátase dunha peza de poesía escénica de tipo multidisciplinar na que a poesía e o teatro conviven co vídeo, o movemento e a música.

O espectáculo céñtrase en tres aspectos esenciais do libro:

- A voz: a procura dunha linguaxe propia. A adquisición convive coa desaparición da fala.
- O ser humano e a súa natureza animal.
- A expresión da ira como catalizadora. O enfado convértese en berro ou ouveo.

O núcleo é a utilización do corpo para atopar a voz, a esencia animal e a caraxe. Trátase dunha *performance* dunha soa artista: a propia poeta e actriz Fátima Delgado, que usa o seu corpo como canal e os seus poemas como intermediarios para narrar unha historia.

A investigación e posterior concepción teatral baseada no poemario xurdiu no *Taller anual de investigación escénica para intérpretes profesionales* que en 2017/2018 impartiu o director teatral [Carlos Tuñón](#) e na que Fátima foi participante.

Durante un ano traballamos a poética persoal e propuxemos *Ouveos/Aullidos* para crear unha peza performativa. Desenvolvemos unha exploración a nivel plástico, estético, espacial, *obxectual* e corporal.



A DÚBIDA amola

cando te pensas vello.

Abarca cada un dos teus acenos.

Escorrenta inconsciente cada palabra que pronuncias.

A dúbida é un carrusel que te marea

hipocondríaca

con voltas inútiles.


A dúbida é un home que se atragoa

cando se morde a lingua.

A dúbida é un grolo de augardente,

unha picadela de avespa.

O libro



Esta era unha muller: os seus
amores e estrataxemas

Trazoada en xeometría muda
de

Dentes e discos rotos, necios
caprichos mecánicos,

E espirais ociosas de xerga
áinda non pronunciada.

SYLVIA PLATH

Con esta cita de Sylvia Plath comeza o poemario *Ouveos/Aullidos*, toda unha declaración de intencións: a busca dunha voz propia, dunha *xerga áinda non pronunciada*.

O poemario bilingüe (galego-castelán) *Ouveos/Aullidos* nace en 2010 entre Madrid, Galicia e Liverpool. En plena etapa de crise económica, e por que non dicilo, vital. Os poemas aquí recollidos amosan un desencanto xuvenil, un pesimismo imperante que se manifesta en forma de berro, de ouveo, ese darré voz a distintos personaxes e ás súas vidas, aos seus demos.

No seu prólogo, **Branca Novoneyra** comenta: *A poeta ulula negando a automatización do ouro que mercamos ou mellor alugamos.*

*A imposibilidade práctica da comunicación da pel violeta coloreando o amor
coma unha casa vella arrodeada de andamios.*

Dentro da casa, dentro do corpo, ouveos de can sen dono, na migración do medo de nós mesmos.

Con este traballo a autora quería permitirse a liberdade de indignarse, de queixarse do mundo que a arrodea, de volver ao seu estadio máis animal, á súa consciencia máis primitiva.


Pero a este libro fóronelle sumando poemas durante estes case dez anos de espera e maceración. Neste período as circunstancias cambiaron e o poemario pasou de amosar o lado escuro do ser humano até transformarse nalgún máis luminoso, grazas ao amor.

Ouveos/Aullidos preséntanos unha poética do presente na que múltiples **TEMAS** conflúen:

- A caraxe.
- A indignación: a pandemia da nosa sociedade.
- A Voz (gorxa, berros, ouveos) e a procura da voz propia.
- A dúbida.
- A soildade: a alienación do ser humano por mor da vida moderna.
- A rabia que desemboca en violencia.
- A animalización- o lado salvaxe- a deshumanización: o ser humano como besta. Hai múltiples referencias a animais.
- Madrid- a cidade- o urbano como gaiola, cárcere que xera ANGUSTIA.
- A dor- as feridas e as cicatrizes.
- A desconexión entre os seres humanos- o illamento.
- A muller- o feminismo.
- A seca física- a seca intelectual.
- O pesimismo- un futuro negro- nihilismo.
- Fuxir- emigrar- escaparse.
- A tolemia.
- O amor erótico- o sexo.



BOOKTRAILER: <https://vimeo.com/404358211>




Por que Ouveos?



Serie fotográfica realizada para o libro. As fotografías non corresponden ao espectáculo teatral.

Este proxecto non é un mero poemario, coa súa edición bilingüe queremos que a cosmovisión da autora chegue a máis xente, non só a Galicia e países da lusofonía, senón a toda España e Hispanoamérica.

Ademais, *Ouveos/Aullidos* vai acompañado das fotografías de [AI primer vuelo](#) que de xeito metafórico ilustran os versos e tamén dunha peza artística que se transformou na cuberta do libro, a cargo do artista [Néstor Revuelta Zarzosa](#). A autora, como muller creadora pon as súas cartas enriba da mesa e reclámase como unha voz fresca á quen escoitar.



Así pois, *Ouveos* é poesía, fotografía, pintura e á vez teatro, performance e música.

Un dos nosos obxectivos primordiais é achegar a poesía ao público xuvenil e adolescente. A experiencia de Fátima como docente no ensino público durante máis dunha década e o seu paso por doce institutos de secundaria, achegouna a unha realidade desoladora onde as e os mozos rexeitan poesía por considerala obsoleta e pasada de moda.

Con este proxecto pretendemos tamén organizar actuacións, obradoiros de escrita e coloquios posteriores para divulgar a existencia dunha poesía galega contemporánea de calidade e apegada ao presente. Necesitamos novas/os lectores e tamén novas/os espectadores teatrais e que mellor que combinar poesía e teatro para conseguilo.



Recitais e lanzamento do libro


Ouveos/Aullidos viu a luz en abril do 2020, en pleno confinamento por mor do *Covid19*, así pois, todo o lanzamento levouse a cabo *online* a través de redes sociais como *Instagram Live* ou *Facebook Live*.



Primeiramente, presentouse no *Instagram Live* da [editora Seda de Biso](#) e no [Escaparate do FLIV 2020](#) (Festival virtual do libro galego), tamén en [Se buscan poetas](#) (*Instagram e Facebook Live*) do **Bowery poetry club** de New York e *This is poesía (at home)* organizado por Marcos de la Fuente e o **Festival Kerouac**.



ESCAPARATE do FLIV
2020



A creadora



FÁTIMA DELGADO

ACTRIZ, POETA, DRAMATURGA

Licenciada en Filoloxía inglesa, con mestrado en Lingüística pola USC e ampla formación en arte dramático. Foi doce anos profesora de inglés de secundaria no ensino público de Madrid.

No 2004 é galardoada co 2º premio no “**V Certame de Poesía para novos creadores Díaz Jácome**” do Concello de Mondoñedo polo seu poemario *Vou xogar ao fútbol coas letras do abecedario*, incluído na antoloxía poética *Versos fideis* dirixida por Belén Bouzas e Armando Requeixo. Nese mesmo ano comezará a súa carreira artística coa performance poética *Antiinspiración* co colectivo Dosxun. A partir de aí gañará varios premios de poesía dentro e fóra de Galiza.

Atopámola nas antoloxías: *Un xardín de medio lado, 17 poetas da urutau na Galiza* (Editora Urutau), *52 semanas* (editorial Entropía), *Libro Rojo, volumen 10 e 11 (Prostíbulo poético)* e na *Antología del beso. Poesía última española*; tamén en blogs como *Las afinidades electivas*, *El coloquio de los perros* e revistas literarias e fanzines como *Barullo na rede*, *Sesos y Tripas: proyecto Atlántico*, *Verso luego existo*, *Dulce arsénico* e *Poe+*.

Ten catro libros de poesía publicados. No 2010 autoedita unha escolma de poemas escritos entre 2000 e 2010, *Vestida de domingo: Antoloxía poética bilingüe* dentro da colección Alcálima de Romania Minor, dirixida por Xavier Frías. No 2011 aparece a edición online bilingüe de *Os ovarios da dragona*, que se pode ler en ISUU.com grazas a Lastura Ediciones. A finais do 2018 verá a luz o poemario *Ninfopoética*, publicado pola editora Urutau coa dirección de Wladimir Vaz. No 2020

presenta *Ouveos/Aullidos*, publicado pola editora Seda de Biso. Con *Ninfopoética* -en versión recital con música electrónica- xirará por librarías, bibliotecas e pubs do Barco, Santiago, Ourense, Vigo e Madrid.

No 2018 participa no **VIII [Festival Kerouac](#)** e na *celebración do Día da Poesía* en Vigo. E no 2019 no recital *Artistas por la Igualdad* en Madrid e tamén nas lecturas poéticas *A verba interior* dentro do **V Festival dos Eidos**, organizado pola Fundación Uxío Novoneyra no Courel.

Leva tres edicións sendo programadora e presentadora da sección de poesía do **SilFest Valdeorras**, no que organizou o **Poetry Slam Silfest**, o recital **SilFest Di-versos** e a cata de viños con poesía de Florencio Delgado Gurriarán *Dionisias: Cantarenas do viño*. No verán do 2019 presentou no [SilFest Valdeorras](#) o seu espectáculo de poesía escénica **Ninfopoética, monólogo poético postadolescente**. Tamén presentou e coordinou o **Roteiro Poético “Poesía no Camiño Xacobeo 21”**, actividade vincellada ao Xacobeo 2021.

Vive en Madrid dende hai unha máis dunha década, onde desenvolve a maior parte da súa traxectoria. Funda **Meninas Teatro** coa que estrea a obra *Androsex* no 2013, na que traballa como actriz e dramaturga. Escribe e roda curtametraxes, produce obras de teatro e recentemente é unha das fundadoras da compañía de teatro-danza **La Méduse** coa que tivo éxito coa obra *Tsunami* e prepara *Mi verano en burkini* para estrear próximamente. A finais do 2018 obtén a “*Subvención para a creación das artes escénicas da Comunidade de Madrid*” para escribir a súa obra de teatro *Run baby run*, aínda inédita. Participa en recitais, varias veces finalista no *Poetry Slam Madrid* e forma parte do elenco do [Prostíbulo poético](#).

No 2019 é unha das poetas seleccionadas para a *residencia poética Ámeto Mítico* convocada pola **Fundación Uxío Novoneyra, a Xunta de Galicia e o Xacobeo 2021**. No 2020 participará nos eventos online: *Palabra falada* no **FLIV 2020** (Festival virtual do libro galego.), *Unha ponte cara o Atlántico: Letras Galegas 2020* (Facebook Live) do **Festival Kerouac**, *Virtual Poetry Slam* do **Poetry Slam Compostela, Se buscan poetas** (Instagram Live) do **Bowery poetry club** de New York e *This is poesía (at home)*, (Instagram Live) do **Festival Kerouac**.

Prensa

Xornais:

- Diario de Ferrol, suplemento dominical, 28/06/2020

26

SUPLEMENTO DOMINICAL
28 DE JUNIO DE 2020

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com

OUEVEOS/AULLIDOS
FÁTIMA N. DELGADO
Ed. Seda de Biso. 2020
9,50 euros

A vida loba

Hai tempo que sigo con atención a poética de Fátima N. Delgado, profesora, actriz, dramaturga e *slammer* que se deu a coñecer, hai máis de tres lustros, ao gañar o Premio de Poesía Díaz Jacome. Dende aquel 2004 lina e relina aquí e acola, en diversos volumes colectivos, en revistas e blogs líricos de referencia e, sobre todo, no libro *Ninfopóetica*, publicado no 2018 por Urtau.

Agora a andaina creativa de Delgado dá un paso adiante e tráenos un novo poemario. *Ouveos/Aullidos*, libro bilingüe en galego e castelán editado polo selo cántabro Seda de Biso, que se estrea con esta publicación.

Ouveos é unha odisea lírica. Unha viaxe poética que arrinca nas sombras e o desespere e pouco a pouco vai gañando esperanza ata o final luminoso do amor. Así, na primeira parte da obra a dor fai que á voz poética confese que se lle estremecen os soños, que a vida tal parece un afanarse a perpetuidade en limpar tumbas e sacar cadáveres do armario coa vaga confianza de poder proclamar que non todo está morto. Son as "febras rotas da crisláida", a "dor como de alfinetes" que todo o castiga "cravándose en cada arteria". Nese mortal abatemento, na ruina dos días mousos, todo enfatiza e fai espertar a ira. A cidade é unha xungla na que "alpízora atasco/ alpízora venres", onde "surprende accidente/ improvisa cristais rechamangueros sobre/ alcatrán quebrado". Un existir na hesitación constante, na dubida de se paga a pena vivir así: "a dubida é un currusel que te marea/ hipocondriaca/ con voltas inútiles", "a dubida é un grolo de augardiente/ una picadela de avespa". Esa vida grisalla, desoladora, vólvese cruel en "Namentres crece a pandemia" e caos en "Colapsase o enxame", onde "a soildade é tan longa como un coñé funerío".

Mais a segunda parte do poemario comeza deixando entrecoar polas fisgas dos versos loiras prometedoras. A voz poética profetiza: "Liscáras algún dia/ desta gaiola de bestas pechadas / Abrindo/ ouveando/ comendo/ catando/ aprendendo o lecer/ dos pasos de peóns". Logo, devagarillo, vemos como "O Sol xa non se oculta baixo as cortinas/ nin nos corazóns remendados". A balanza de Eros e Tánatos principia a equilibrarse e "a lixeireza da luz, agora pérdeuse/ agora enxurrase/ nos panos brancos". É daquela condición a loita do eu máis íntimo e tamén a do nos de fonda reivindicación colectiva encaran, definitivamente, os viesos da esperanza: "Ainda que levantedes un MURO/ o máis alto do mundo/ seredes vencidos/ esmagados/ polas verbas irreverentes/ pola sombra dos mortos".

Aleixandre Todo este arquipélago de voces irmás toman forma en molduras versais de dicción fragmentaria e terra baldía, como en T. S. Eliot, de canto afirmativo coma río imparable que flue ao Walt Whitman, en fin, dun díci proximo e asemade brunido ben propio dun William Carlos Williams.

Como en Alejandra Pizarnik, como en Sylvia Plath, como na nosa Rosalía, hai nos *Ouveos* de Fátima N. Delgado a soildade ontolóxica radical e tamén a forza necesaria para vencer, a través da verba, os heraldos da morte.

O ecosistema poético da escritora valdeorresa ten, amais, un contínuo para a expansión privilexiado: poucos libros levo visto nos últimos meses tan ben editados coma este. O traballo no deseño e maquetación do director de Seda de Biso, Néstor Revuelta Zarzosa, é exquisito na proposta pictórica de cubertas, no maxiñano alaudo dos interiores das capas, nos grafismos e símbolos de cabeceras e pé da páxina, na alternancia bicolor das planas, no caderno central con fotografías que son auténticos poemas visuais, nas delicadas tipografías, todo e mais é un agasallo para reter entre as mans.

Como en toda festa lírica que se prece, *Ouveos* garda ainda unha última luminaria coa que inundar de luz o seu ceo versal: o poema-prólogo de Branca Novoneyra, privilexiada atalaia dende a que a poeta luguesa saudá este libro no que "o amor sabe a café e os amantes son ladróns que rouban estarrecementos dos corpos". A vida loba que ouvea a súa Beleza.



Fátima N. Delgado

letras Atlánticas

- **La Región, suplemento Vida, 10/05/2020**

La Región
Comingo, 10 de mayo de 2020

Suplemento de sociedad | **vida** | 21

La vida en casa

FÁTIMA DELGADO, CONFINAMENTO POÉTICO

A poeta Fátima Delgado segue moi activa durante o confinamento: facer o pan, exercicio coa súa nena Iria, videochamadas... son algunas das actividades coas que ocupa o seu dia a dia.

As maiores, "tenho unha vida poética virtual bastante activa. A poesía estame a axudar moito nestes días. Participei nun Slam virtual do Poetry Slam Compostela en Facebook. Neste tempo tamén fixo un vídeo recitando un poema do libro de Tamara Andrés, "Irmá paxaro", para @min-

hapoesiamelar usuario de Instagram de poetas galegos contemporáneos". Ademais participou no recital "This is poesía", organizado dende Novia froque pola xente do Festival Kerouac, con Marcos de la Fuente á cabeza no Instagram Live.

E todo elo, sen deixar de lado o traballo do seu alterego Mina O. no Prostíbulo Poético, atendendo chamadas na Hotline Poetry, "unha liña telefónica onde recitamos a nosa poesía en directo. A Mina O. tocoulle a quenda da noite".





Fátima Delgado coa súa filla facendo deporte.

Fátima Delgado con pan recién feito.

Fátima co seu alterego Mina O no Prostíbulo poético.

- **La guía GO Cantabria (maio 2020)**

<https://www.laguiago.com/cantabria/fatima-n-delgado-presenta-libro>

- **O Sil (maio 2020)**

<https://www.osil.info/a-poesia-en-confinamento-2020-da-man-da-barquense-fatima-n-delgado/>

- **Somos Comarca (19 abril)**

<https://somoscomarca.es/poesia-en-cajas-esperando-el-fin-del-estado-de-alarma/>

- **La Región (12 abril)**

<https://www.laregion.es/articulo/valdeorras/actriz-poetisa-fatima-delgado-participa-buscan-poetas/20200412004348938527.html>

- **Blog literario Palabra de Gatsby:**

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2020/04/25/F%C3%A1tima-N-Delgado-Agora-son-unha-poeta-do-urbano-que-reclama-o-feminismo-e-teñe-%C3%A1-era-dixital-e-a-este-mundo-que-agora-se-tornou-post-apocal%C3%ADptico>

- **El Faradio (maio 2020)**

EL FARADIO

2/9/2020

La editorial Seda de Biso presenta este jueves por Instagram su primer libro de poesía - El Faradio | Periodismo que cuenta



La editorial Seda de Biso presenta este jueves por Instagram su primer libro de poesía

13/05/2020 - 7:14 am  MARTA ESCORZA LÓPEZ

Tiempo de lectura: 2 min

La editorial cántabra Seda de Biso publica su primer libro de poesía 'Ouveos/Aullidos'. Una colección de poemas en formato bilingüe (gallego-castellano) de la poeta, actriz y dramaturga Fátima N. Delgado.

La presentación será en el Instagram Live de la propia editorial @sedadebiso este jueves 14 a las 19:00 horas.

<https://www.elfaradio.com/2020/05/13/la-editorial-seda-de-biso-presenta-este-jueves-por-instagram-su-primer-libro-de-poetria/>

1/6

<https://www.elfaradio.com/2020/05/13/la-editorial-seda-de-biso-presenta-este-jueves-por-instagram-su-primer-libro-de-poetria/>

- **La Voz de Galicia (12 abril)**

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2020/04/12/nueva-york-vigo-enlazan-traves-poesia/0003_202004V12C2995.htm

- **Faro de Vigo (9 abril)**

<https://www.farodevigo.es/cultura/2020/04/09/ocho-poetas-espanoles-dan-cita/2274313.html>


- Diario O Sil (8 abril)

<https://www.osil.info/a-valdeorresa-fatima-delgado-participa-virtualmente-en-se-buscan-poetas-un-evento-transmitido-dende-nova-york/>

Radio:

- Cadena Ser, *Hoy por hoy Cantabria*:

https://www.instagram.com/tv/CAU83h_oNQs/?hl=es




- Entrevista en Noche de Rock: <https://vimeo.com/448464663>



- Onda Cero, Radio Valdeorras (29 abril)

https://www.ivoox.com/fatima-n-delgado-audios-mp3_rf_50552725_1.html

Ficha artística



**Título do
espectáculo:**

Ouveos

Idioma:

galego

Xénero:

poesía
performativa,
poesía
escénica,
performance

Duración: 60
minutos/
versión curta
de 30 minutos

Compañía: Meninas Teatro

Elenco: Fátima Delgado

Autora: Fátima Delgado

Dirección: Fátima Delgado

Axudante de dirección e coreografía: Tatiana Carel

Música: Presumido, Queens of the stone age, Base-ick, Madame Club

Diseño son e iluminación: Jorge Álvarez

Vestuario: Elba Ruiz

Fotografía e Ilustración: Al Primer vuelo, Néstor Revuelta Zarzosa

Producción: Meninas Teatro

Caché espectáculo - 1 hora: 750 euros (IVA incluído)

Caché espectáculo - 30 minutos: 550 (IVA incluído)

Necesidades técnicas

1. Persoal técnico para montaxe e función.

- Persoal técnico que aporta a compañía: 1 técnico de iluminación e son (para montaxe e función), non é necesario persoal de carga e descarga da escenografía (para montaxe e desmontaxe).
- Persoal técnico que aporta o teatro: 1 eléctrico/técnico de iluminación e de son (para montaxe).

2. Necesidades específicas do espectáculo.

-**Tempo de montaxe** do espectáculo: 1H.

-**Tempo de desmontaxe**: 30 minutos.

-**Camerino**: 1.

-**Iluminación**:

6 canais de dimmers (1.500 w/canal)

Potencia Mínima 4.500 w, 6 proxectores mínimo, 3 de 1.000 w e 3 de 500w.

-**Son**:

Micrófono inalámbrico con pé de micro. Amplificación mínima de 1.500 wats.

Mesa polo menos 4 canais.

Mesa de son con entrada de minijack. Reprodutor de CD con entrada para USB. Ecuilizador estéreo.

Proxeitor de vídeo e pantalla para proxeclar.

-**Escenografía**:

unha cadeira

Esta ficha técnica concretarase individualmente co xefe técnico de cada sala, tanto as necesidades técnicas como os horarios do mesmo.

3. Dimensíons do espazo escénico.


Ancho: 4m (óptimo), 3m (mínimo)

Fondo: 4m (óptimo), 2m (mínimo)

Altura: 2m (mínimo)

Adaptable a calquera espazo escénico, incluso exteriores ou rúa. Non hai necesidade de espazo cuberto.

Contacto



Fátima Delgado

Meninas Teatro

650 048 688

Email: fatidelga@gmail.com

meninasteatro@gmail.com

Web: <http://fatimadelgado.com/>

<https://www.meninasteatro.com/>

Instagram: https://www.instagram.com/fatima_delgado_/

Facebook: <https://www.facebook.com/fatimadelgadoartist/>

Youtube: <https://www.youtube.com/user/fatidelga>

Videopoema:

<https://www.facebook.com/watch/?v=2636121033319154&extid=nwp8NDxtojEHrVJi>

